Anexo 7

Área 7. Participación e sensibilización

Campus de Ferrol, 2020-2022

UDC GREEN CAMPUS FERROL

Creación dun taboleiro de anuncios virtual con información ambiental

Ademais de manter en cada centro un taboleiro físico, intentouse darlle un pulo ao espazo do Green Campus Ferrol dentro da páxina web do Campus Industrial (https://www.udc.es/es/campusindustrial/green-campus-ferrol/).
Deste xeito non só se recolle a documentación administrativa e a información básica acerca do programa Green Campus senón que se introduciron apartados destinados a:

1. Recoller as suxestións ou ideas que poida achegar a comunidade universitaria para a mellora ambiental

2. Destacar os principais eixos de acción, recollendo para cada un deles a información básica para a concenciación ambiental

3. Establecer enlace coas publicacións en redes sociais do Campus Industrial, onde se recollen as relativas ao Green Campus Ferrol.

Creouse un código QR que direcciona á paxina web do Green Campus Ferrol, e está publicado en todos os centros.

Enquisas

No 2020, 2021 e 2022 solicitouse a través das listas de estudantado e persoal da UDC a realización voluntaria da enquisa de mobilidade (desprazamentos relacionados coa actividade universitaria) a través da calculadora OMA-Emapic da UDC.



4/8/22, 12:16 Correo: María Jesús Cainzos López - Outlook

[pas] Calculadora da pegada ecolóxica por mobilidade na UDC

pas-request@listas.udc.es <pas-request@listas.udc.es>
en nombre de
Oficina de Medio Ambiente <oma@udc.es>
Vie 07/05/2021 11:31
Para: pdi@listas.udc.es <pdi@listas.udc.es>;pas@listas.udc.es <pas@listas.udc.es>;alumnos.udc@listas.udc.es <alumnos.udc@listas.udc.es>;alumnado.doutoramento@listas.udc.es <alumnado.doutoramento@listas.udc.es>;pec@listas.udc.es <pec@listas.udc.es>

O impacto ambiental dos nosos desprazamentos á universidade

Estimado/a amigo/amiga,

Precisamos cuantificar os desprazamentos da comunidade universitaria para acudir ao centro de traballo/estudo, e calcular a pegada ecolóxica (emisións de dióxido de carbono) derivada. Os estudos previos indicaron que a mobilidade contribuía con case o 50% da pegada ecolóxica total da UDC. É dicir, as emisións de CO2 que causa superan as derivadas do consumo de enerxía en toda a UDC.

Coñecermos a nosa pegada ecolóxica é o primeiro paso para adoptar medidas para reducila. Hoxe é unha exixencia dos programas de sustentabilidade e dos sistemas de avaliación como os da CRUE ou de GreenMetric. É tamén un obxectivo importante nos programas Green Campus da nosa Universidade. É por iso que che pedimos a túa participación. A campaña xeral de toma de datos permanecerá aberta até o vindeiro 15 de maio. Podes participar na seguinte ligazón:

https://emapic.es/custom/mobilidade-desprazamentos-udc

A Calculadora da mobilidade da UDC foi confeccionada pola Oficina de Medio Ambiente (OMA – UDC), coa colaboración do o Grupo de investigación FERROTRANS da UDC e do Laboratorio de enxeñaría cartográfica (CartoLab – UDC), e está aloxada no servizo Emapic deste último.

Ao remate, Emapic permite xeolocalizar e visualizar nun mapa os hábitos de desprazamentos da comunidade universitaria. Ofrecerache baixar o teu informe, mentres os datos de mobilidade fican rexistrados, de forma totalmente anónima, para poder estimar a pegada de carbono global da mobilidade na UDC.

A súa realización estímase en 5-10 minutos, se ben vai depender da complexidade e diversidade dos teus desprazamentos.

Moitas grazas, agardando avanzarmos na sustentabilidade dos nosos desprazamentos!
OMA-UDC

NOTA IMPORTANTE:

https://outlook.office.com/mail/m.cainzos@udc.es/id/AAMkADUxMzJINDNLWVmYTldNDBmNS1hNGVjLTM2YmI1YTlkMjRjMwBGAAAAAAAn6x... 1/2

Foi en 2022 cando a enquisa tivo unha participación salientable cun total de 625 entradas na semana do 4 ao 9 de abril de 2022. Os resultados poden verse na seguinte ligazón: https://emapic.es/custom/mobilidade-desprazamentos-udc/results
A modo de resumo facemos fincapé nos aspectos máis salientables recollidos no informe elaborado pola Oficina de Medio Ambiente da UDC:

Viaxes e distancias por tipos de desprazamento na UDC

A táboa 7 permítenos analizar a distribución do número de viaxes, da distancia por viaxe e da distancia total percorrida por cada un dos colectivos universitarios. Globalmente, o PDI realiza un número de viaxes lixeiramente superior ao do estudantado, con 218 e 191 accesos anuais aos centros, respectivamente. Mentres, con 299 e 276 accesos anuais, PAS e PEC superan a media da UDC nun 50% e 40%, respectivamente. Este maior número de viaxes ao ano por parte do PAS podería

explicarse por unha maior presenza do traballo presencial neste colectivo, e explica en parte a súa maior pegada ecolóxica per cápita. A ratio emisións/nº de viaxes resulta similar para PAS e PDI, con valores de 6,1 e 6,2 kg CO2/viaxe, respectivamente, mentres cae a 5,2 para o estudantado e 4,8 para PEC.

O estudo diferenciou tres tipos de desprazamentos: desprazamentos ordinarios desde a vivenda ao centro de estudo ou traballo (Tipo 1), desprazamentos entre o domicilio familiar e a residencia habitual durante o curso (Tipo 2, só persoas desprazadas) e, finalmente, as viaxes non ordinarias doutro tipo vinculadas á actividade na UDC (Tipo 3: reunións, estadías, xornadas, congresos...)

Táboa 7. Número de viaxes, distancia percorrida e emisións per cápita segundo o colectivo universitario.

	Estudantado	PEC e outras	PAS	PDI	Total UDC
Viaxes por persoa ao ano (nº)	191	276	299	218	198
Tipo 1	174	272	291	212	179
Tipo 2	11	2	2	2	10
Tipo 3	12	2	6	4	11
Distancia por viaxe (IDA, km)	16,9	15,0	15,1	15,4	16,6
Tipo 1	10,6	14,6	14,7	14,9	11,2
Tipo 2	110	84,1	124,4	65,4	106,7
Tipo 3	32,5	3,7	10,3	17,3	30,0
Distancia percorrida (km /persoa-ano)	6.432	8.281	9.036	6.714	6.588
Tipo 1	3.685	7.931	8.450	6.325	4.144
Tipo 2	2.363	336	463	236	2.094
Tipo 3	385	13	123	153	351

Nota: a PE per cápita (kg CO_2 /persoa·ano) por tipos de desprazamento dáse na Táboa 4.



Grafica que mostra os resultados da participación no Campus de Ferrol

Táboa 8. Distancias medias percorridas en cada viaxe polos diferentes colectivos e modos.

Modo - Km / viaxe	Estudantado	PEC e outras	PAS	PDI
A pé	1,2	0,8	2,2	1,4
Bicicleta	2,8	4,7	5,0	4,6
Bicicleta / patinete eléctricos	nd	nd	nd	5,9
Tren	100,7	61,5	133,7	96,5
Barco	0,0	0,0	0,0	60,0
Autobús	13,9	3,6	9,3	14,8
Coche de combustión só	19,4	18,2	14,3	15,6
Coche de comb. compartido	25,5	3,5	24,2	9,6
Coche eléctrico só	26,3	0,0	11,5	10,0
Coche eléctrico compartido	61,8	4,0	26,2	0,0
Motocicleta	6,0	8,0	3,4	5,3
Avión	1.948,8	nd	nd	nd
TOTAL	16,9	15,0	15,1	15,4

**nd: non se rexistraron entradas para este modo nos colectivos indicados.

Táboa 12. Número de respondentes por colectivo nas diferentes áreas xeográficas dos campus.

	Estudantado	PEC e outras	PAS	PDI	Total
A Zapateira	**64**	3	**16**	**31**	**114**
Bastiagueiro	9	3	2	5	19
Elviña	**156**	19	**68**	**77**	**320**
Esteiro	**41**	2	**16**	**22**	**81**
Oza	**25**	0	7	2	34
Reitoría	0	0	**23**	0	23
Riazor	12	2	2	10	26
Serantes	2	0	3	3	8
Total	309	29	137	150	625

Táboa13. Emisións per cápita por zonas do campus (kg CO_2/persoa ano)

	Estudantado	PEC e outras	PAS	PDI	Total
A Zapateira	**824**	1316	**1.322**	**892**	**856**
Bastiagueiro	1.046	1316	994	509	1.009
Elviña	**877**	1316	**1.567**	**1.037**	**923**
Esteiro	**1.519**	1316	**2.564**	**2.676**	**1.670**
Oza	1.064	1316	501	889	1.040
Reitoría	**0**	1316	**2.282**	**0**	**2.262**
Riazor	981	1316	4.361	2.453	1.164
Serantes	2.496	1316	5.078	2.464	2.538
Total	986	1316	1.830	1.351	1.065

En negriña, valores que se poden considerar con maior precisión.

As emisións per cápita medias por zonas dos campus móstranse na Táboa 13. Estes datos indican unha PE con datos **moi elevados no Campus de Esteiro** (e polo tanto todo o campus de Ferrol, dado que Esteiro acumula o 88,4 da comunidade deste campus), con 1.670 kg CO_2 /persoa ano, claramente datos superiores á media. Neste sentido, o valor de Serantes carece de significado.

A COVID reduciu os desprazamentos totais mas aumentou o uso do vehículo privado

O estudo tamén indagou sobre o impacto da COVID nas prácticas da mobilidade. Os colectivos PEC e PDI declararon nunha elevada porcentaxe (44,8 e 47,3%, respectivamente) que tras a COVID realizan menos desprazamentos que antes. Estas

porcentaxes caen ao 24% e 3% para o estudantado e o PAS, respectivamente. A porcentaxe de persoas que declaran realizar máis desprazamentos foi reducida en todos os colectivos. Pero a COVID tamén mudou os hábitos dos desprazamentos, a favor do vehículo particular. Así, o 19% do estudantado, o 14% do PDI e o 7% do PAS afirmaron empregar máis o vehículo privado.

Actividades de sensibilización ambiental

Son múltiples as actividades de sensibilización ambiental que se fixeron nos últimos tres anos.

Todas elas son recollidas nas diferentes eixos de acción máis nesta sección intentaremos recoller as imaxes correspondentes da súa publicación nas redes sociais. Dende aquí damos as gracias a Yolanda Fernández Fernández, sin a cal non houbese sido posible esa publicación que hoxe en día é imprescindible para que as novas cheguen á comunidade universitaria.

Marzo 2020

Divulgación hábitos de alimentación saudables

Marzo Ambiental 2020. Sensibilización para a reducción de consumo de materiais plásticos. Escola Universitaria de Deseño Ambiental

Marzo Ambiental 2020. Estado de Emerxencia Climática: Manual de Supervivencia. Facultade de CC. do Traballo

Abril 2020

Propostas saudables de exercicio físico

Divulgación hábitos de alimentación saudables

Setembro 2020

Programa Outubro Saudable 2020 na Escola de Deseño Industrial

Outubro 2020

Asesoramento á comunidade universitaria sobre o risco das drogas (presencial 1 día á semana) no Centro Cultural Universitario de Ferrol

Inauguración do Outubro Saudable 2020. Salón de Actos Campus de Ferrol

Outubro Saudable 2020. Almozo saudable virtual. Escola de Deseño Industrial

Outubro Saudable 2020. Prácticas saudables nas empresas galegas. Escola de Deseño Industrial

Outubro Saudable 2020. Camiñada con aperitivo saudable. Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Novembro 2020

Asesoramento á comunidade universitaria Asociación Española contra o Cancro (presencial 1 día á semana) no Centro Cultural Universitario de Ferrol

Asesoramento médico e psicolóxico á comunidade universitaria (presencial 1 día á semana) no Centro Cultural Universitario de Ferrol

Charlas sobre reciclaxe nos grupos de 1º curso de todos os centros do Campus

Decembro 2020

Doazón de sangue no Campus

Convocatoria OMA de Premios UDC Sustentabilidade para TFG e TFM 2020

Concurso de vídeos: "Adicciones: Tu punto de mira"

Punto informativo prevención consumo de substancias aditivas. Facultade de Humanidades e Documentación

Sinalización de colectores de residuos nos centros

Campaña de recollida de alimentos. Centro Cultural Universitario

Xaneiro 2021

Campaña Asociación Española contra o Cancro (Deixar de fumar)

Programa AFRONTEMOS. Atención psicolóxica gratuíta para toda a comunidade universitaria. Unidade de Investigación e Intervención Familiar (UDC). Campus de Ferrol

Asesoramento á comunidade universitaria sobre o risco das drogas (modalidade en liña)

Febreiro 2021

Asesoramento médico e psicolóxico á comunidade universitaria (modalidade en liña)

Punto de asesoramento Alcer (modalidade en liña)

Loita contra o cancro. Iluminación da fachada da Facultade de Humanidades e Documentación

Marzo Ambiental 2021. Programa actividades Campus de Ferrol

Marzo 2021

Marzo Ambiental 2021. Palestra "O rexurdir dos plásticos durante a COVID-19: Héroes ou Viláns?. Escola de Deseño Industrial

Marzo Ambiental 2021. Palestra "A credibilidade e a sustentabilidade como ferramenta de diferenciación" Escola Universitaria de Deseño Industrial

Marzo Ambiental 2021. Palestra "A credibilidade e a sustentabilidade como ferramenta de diferenciación". Casa Grande de Xanceda. E.U. Deseño Industrial (Vía Teams)

Sensibilización sobre o ecofeminismo. OCV Ferrol



Abril 2021

Xogo "Salúdico infodrogas"

Doazón de sangue no Campus de Ferrol

Prevención consumo de drogas. Relatorio na Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Relatorio "A abordaxe da sexualidade na intervención integral das patoloxías crónicas. Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Divulgación enerxías renovables e consumo responsable. OCV Ferrol

Prevención consumo drogas. Relatorio "Dos mitos compartidos á realidade científica". Facultade de Humanidades e Documentación

Prevención consumo de drogas. Exposición "Adicciones. Tu punto de mira". E.U. de Deseño Industrial

MAIO 2021

Proxecto Tanza. Erradicación dos residuos na costa galega

Divulgación ODS. OCV Ferrol

Xuño 2021

Programa educativo Fotovoz. Estudantes Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Xullo 2021

Proxecto de aprendizaxe e servizo para a xestión de residuos textiles

Setembro 2021

Asesoramento á comunidade universitaria sobre o risco das drogas (presencial 1 día á semana) no Centro Cultural Universitario de Ferrol

Outubro 2021

7 de outubro 2021. Día das Universidades Saudables

Outubro Saudable 2021. Palestra "Alimentación Saudable e Sustentable". Escola Universitaria de Deseño Industrial

Programa Outubro Saudable 2021. Escola Universitaria de Deseño Industrial

Outubro Saudable 2021. Taller de prevención de lesión na zona lumbar. Centro Cultural Universitario



Outubro Saudable 2021. Relatorio "Relación entre o patriarcado, as mulleres e a medicina"

Programa da 4ª semana do Outubro Saudable 2021 na Escola Universitaria de Deseño Industrial

Programa AFRONTEMOS no Outubro Saudable 2021.

Outubro Saudable 2021. Camiñada promovida pola Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Novembro 2021

Curso de persoas promotoras de doazón de sangue na UDC

Presentación do Proxecto Ártabro Inclusivo. Participación da EUDI e Campus Industrial

Charla de Nutriciona na Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Relatorio "Enerxías verdes, máis alá da eólica". Salón de Actos do Campus de Ferrol

Aplicación para axudar a comer de xeito saudable. Alumnado da Escola Universitaria de Deseño Industrial

Decembro 2021

I Concurso de Vídeos "Móvete polo ODS"

I Concurso de Vídeos "Móvete polo ODS"

Tres alumnas de Moda del Campus de Ferrol ganan el concurso "Móvete polos ODS"

Otros dos equipos de segundo curso del grado lograron el tercer puesto y el premio a la innovación

REDACCIÓN FERROL

El pulso de la ciudad

Lluvia de premios en el grado de Moda de la UDC

Tres premios para alumnas de Moda en un concurso sobre desarrollo sostenible

Campaña de recollida de alimentos. Edificio de Apoio ao Estudo. Campus de Ferrol

Premios da OMA para traballos TFG E TFM 2021 sobre sustentabilidade

Febreiro 2022

Promoción do exercicio físico no Campus de Ferrol. Área de Deportes Ferrol

Programa Marzo Ambiental 2022

Actividades dentro do Marzo Ambiental no Campus de Ferrol

Día mundial do ril. Mesa informativa no Centro Cultural Universitario de Ferrol

Divulgación hábitos de alimentación saudables

Charla de Nutriciona na Escola Universitaria de Deseño Industrial

Marzo Ambiental 2022. Relatorio "Dereito ao hábitat". Facultade de Humanidades e Documentación

Divulgación hábitos de alimentación saudables

Marzo Ambiental 2022. Obradoiro "Refuxios de fauna: construcción de caixas niño para aves". Centro Cultural Universitario

Marzo Ambiental 2022. Charla "A auga, o noso dereito". Escola Universitaria de Deseño Industrial

Plataforma dixital para o comercio local. Estudantes da Escola Universitaria de Deseño Industrial

Programa curso de verán: Enerxías renovables. Campus Industrial de Ferrol

Creación dunha horta comunitaria nos xardíns do Campus

El campus de Ferrol estrena una huerta comunitaria para aprender agricultura ecológica

FERROL / LA VOZ

Con una plantación de pimientos, tomates, calabacines, judías, hierbas aromáticas y flores se estrenó este viernes la nueva huerta comunitaria del Campus Industrial de Ferrol, en la que los alumnos podrán aprender conceptos básicos sobre agricultura ecológica y descubrir todo lo que reporta el trabajo en la tierra.

Esta nueva parcela para el cultivo ocupa una superficie de unos 60 metros y está ubicada cerca del Edificio de Apoio ao Estudo. Según apuntan desde la UDC, el trabajo en la huerta será coordinado por el comité ambiental del Green Campus y en ella podrán realizar plantaciones y recoger cosechas alumnado de las escuelas y facultades de Ferrol, así como personal voluntario de la institución académica.

Además, la parcela también tendrá un impacto en la gestión «sostenible» del comedor universitario, ya que los residuos que genera las cocinas de Esteiro serán aprovechados para la fabricación del compost con el que se abonará la huerta.

«A compostaxe consiste na reciclaxe da materia orgánica: coa xestión *in situ* dos restos de alimentos, consíguese pechar o ciclo da materia orgánica, todos os nutrientes fican no terreo, contribuíndo á fertilización do solo, e a mellor calidade dos produtos hortícolas, ademais dos beneficios ambientais que supoñen unha redución considerable do volume e peso dos residuos a xestionar, e a transportar ao exterior, coa consecuente diminución de emisións de CO_2 e gases de efecto invernadoiro», explican desde la UDC.

En la imagen, la nueva huerta comunitaria del campus. JOSÉ PARDO

Un momento de la actividad llevada a cabo ayer en el huerto habilitado en el Campus de Esteiro | CAMPUS INDUSTRIAL

Primera plantación en la huerta comunitaria habilitada en el Campus Industrial

El comité ambiental Green Campus de Ferrol coordinó la acción realizada ayer con productos de temporada

La parcela experimental, de unos 60 metros cuadrados, permitirá trabajar sobre la agricultura ecológica

REDACCIÓN FERROL

La huerta comunitaria habilitada recientemente en el Campus Industrial de Ferrol –al lado del aulario– como proyecto experimental para el avance en la gestión sostenible del mismo, contribuyendo así a la concienciación y sensibilización de la comunidad universitaria, fue objeto ayer de su primera plantación.

La actividad, coordinada por el comité ambiental Green Campus de Ferrol, contó con la participación de alumnado y personal de la UDC voluntario. Todos se pusieron manos a la obra para plantar algunas de las variedades más características de la temporada, entre ellas pimientos, tomates o judías, así como especies aromáticas y flores que contribuyen a la conservación de las especies polinizadoras.

El tamaño de esta parcela experimental es de unos sesenta metros cuadrados y permitirá llevar a cabo sesiones formativas y poner en práctica conceptos básicos sobre agricultura ecológica.

La iniciativa, impulsada desde la Oficina de Medio Ambiente de la UDC y el Green Campus, irá acompañada con el avance en la recogida separada de la materia orgánica del comedor del Campus ferrolano, que se destinará a producción de compost, según se informó desde la universidad.

Curso "Enerxía limpa". Salón de Actos do Campus de Ferrol